



“XERALDINA VIAXA CONNOSCO”

A Policía Local de Santiago ten entre os seus obxectivos principais, o velar pola “Seguridade Viaria” de todos quen conforman a sociedade actual, dentro das diferentes condicións de uso da vía en canto a desprazamento se refire.

A “Estratexia de Seguridade Viaria 2011-2020”, menciona entre os seus obxectivos a importancia de derivar accións encamiñadas á mobilidade sustentable, saudable e segura sempre e en favor da prevención dos accidentes e as súas consecuencias. Os nenos e nenas non están alleos a esta realidade, e por todo isto, é básico e esencial o destacar a defensa e protección deles en todos os contextos. En relación a súa mobilidade, as súas necesidades viarias, características psicofísicas e evolutivas fanlles ser suxeitos vulnerables a sufrir accidentes de tráfico. Para tentar evitalo, é necesario o establecer todo tipo de medidas preventivas, entre as cales se atopa a “educación viaria” como unha educación en valores, xeradora de hábitos e comportamentos seguros nos nenos e nenas desde as primeiras idades e a través de todos os axentes educadores implicados: pais, profesores, titores, policías, ...

Os recursos didácticos que se presentarán pretenden incidir en cuestións sinxelas e importantes que poidan chegar a influír nestes primeiros momentos da vida do escolar, incardinando os seus contidos noutros moitos aspectos, que de maneira globalizada servirán para poder ir configurando a identidade e autonomía dos pequenos, facendo un especial chamamento ao titor, pai ou nai como principal modelo.

É o noso desexo o que os seus contidos poidan ser de utilidade para escolas infantís que traballen con nenos nestas primeiras idades e que a consideración da educación viaria poida estar presente ao longo da vida, xa desde os primeiros momentos.



O programa está deseñado con base nos seguintes obxectivos:

- A figura da Policía Local.
- Fomentar a educación viaria como actividade nos colexios.
- Dar a coñecer as normas básicas que atinxen a este colectivo máis vulnerable:
 1. como peóns.
 2. e como pasaxeiros de vehículos (ir sentados detrás correctamente e atados co cinto de seguridade, non sacar as mans nin a cabeza polo portelo, non manipular os mecanismos de apertura da porta, non molestar á persoa que conduce, respectar aos nosos compañeiros de viaxe.)
- Crear hábitos en relación co uso diario que fan das vías públicas.
- Inicialos/as no respecto polas normas.
- Reforzar o uso seguro dos sistemas de retención infantil.

- **DESTINATARIOS:**
Escolares das escolas de Compostela de **5º curso de INFANTIL.**

Para finalizar, gustaríanos acadar un compromiso cos colexios de Compostela en torno á seguridade viaria, tendo en conta que é unha cuestión que nos afecta a todos e todas, escolares, pais e nais, familias, profesionais da educación, amizades e administracións públicas. Recordemos que todos formamos parte da seguridade viaria, porque todos circulamos polas vías públicas e ademais temos que ter presente que a mobilidade implica ao mesmo tempo liberdade e risco. Colaboremos a que a concienciación viaria dos pequenos da nosa cidade sexa máis responsable e máis segura.



- **METODOLOXÍA E ACTIVIDADES**

1. A materia que se imparte nos cursos de educación infantil terá unha duración máxima de 60 minutos, estruturada en varios módulos amenos e divertidos que axuden a reforzar os obxectivos plantexados.
2. A través dunhas esceas deseñadas nun conto infantil tentaremos darlle máxia a unha cadeira, para reforzar o uso correcto dos sistemas de retención infantil.
3. A mascota Moito Olliño apoiará e dinamizará a xornada.

- **RECURSOS**

Os centros deberán dispoñer, para a realización da sesión teórica, dunha aula provista cunha pantalla con canón de proxección na que se poida conectar un ordenador portátil e uns altofalantes. Se ademáis dispon dun **sofá grande dunha praza** para que Moito Olliño poida sentarse simulando unha cadeira de retención infantil, xa perfecto!

Todo o material que se achegue como apoio da actividade será facilitado a través do Departamento de Educación e Seguridade Viaria da Policía Local de Santiago de Compostela

Deberase nomear un coordinador de cada centro que participe neste programa, para poder estar en comunicación coa Policía.



Centros escolares interesados en participar no programa, contactar co departamento de educación viaria do concello de Santiago de Compostela, e enviar cuberto o formulario que se achega. Importante especificar horarios e número de grupos.

Formas de contacto:

e-mail: educacionvial@santiagodecomportela.gal

Tfno: 981 54 23 23

Se algún centro escolar desexara facer un traballo máis extensivo co seu alumnado podenos solicitar colaboración ao noso departamento.